

## **Comunicado da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua sobre a instrución do Concello de Ferrol que obriga a redactar os contratos exclusivamente en lingua española**

O pasado 10 de abril o Concello de Ferrol publicou na súa sede electrónica a Instrución 3/2024, de implementación de certas medidas de tramitación para a simplificación e axilidade administrativa (I), en cuxo punto terceiro se establece:

A partires da entrada en vigor da presente Instrución, en todos os procedementos de licitación que se inicien e que normativamente teñan que ser obxecto de publicación, a totalidade dos documentos que conformen o expediente redactaranse exclusivamente en lingua española.

Ao día seguinte, 11 de abril, distintos medios de comunicación informaban da devandita instrución e, citando fontes locais e achegando declaracións entre aspas, explicaban que a decisión tomada obedecía á intención de acurtar prazos e procurar unha maior axilidade administrativa.

Ante a alerta xerada ese mesmo día –horas despois–, desde o propio Concello, e a través dos mesmos medios de comunicación, parecía rectificarse a decisión tomada e aludíase ao establecemento dunha colaboración coa Xunta de Galicia para recorrer aos servizos lingüísticos desta e poder así dispor da documentación en ambos os idiomas.

Sexa como for, a día de hoxe a devandita instrución, cuxos efectos comezaban ao seguinte da súa sinatura, continúa en vigor e non consta que fose modificada.

Ante estes feitos e logo da súa análise, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, que ten como fins, entre outros, o de promover a formación continua no eido da normalización da lingua e elaborar propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización lingüística, **desexa lembrar e facer públicas** as seguintes consideracións:

**Primeira.** O Concello de Ferrol ten aprobada desde o ano 1997 unha ordenanza de normalización lingüística que, para alén de establecer que o galego é o idioma oficial do Concello, sinala que con aqueles documentos dirixidos directamente aos organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal o Concello se atará “ao que prevén as disposicións vixentes, redactándoos sempre que sexa posible en galego” (artigo 12). Tamén se recolle na ordenanza que os expedientes administrativos se deben tramitar en lingua galega (artigo 5.1) e que, se estes expedientes deben ter efectos fóra do territorio onde o galego é oficial, se redactarán en galego e castelán (artigo 5.4).

**Segunda.** Outros textos lexislativos de carácter autonómico, como a Lei de normalización lingüística, a Lei do uso do galego como lingua oficial polas administracións locais ou a Lei da Administración local de Galicia, recollen de forma xenérica o uso prioritario da lingua no funcionamento das entidades locais e na redacción da súa documentación administrativa, sen prexuízo de poderen empregar **tamén** o castelán, alén da responsabilidade destas entidades no proceso de normalización da lingua galega.

**Terceira.** A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa publicou o Acordo 1/2013 sobre o uso das linguas oficiais nos procedementos de contratación, en cuxo punto 1.3 establece que “sen esquecer que, segundo a normativa vixente, na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades locais de Galicia se usará normalmente o galego escrito nas relacións coa cidadanía, recoméndase aos órganos de contratación do sector público que os pregos dos expedientes de contratación suxeitos a



publicidade comunitaria sexan redactados, **ademais de en idioma galego**, nun idioma oficial da UE e que sexa esa a versión facilitada á Oficina de publicacións do DUOE, ben directamente, ben a través do vínculo para o seu acceso electrónico”.

**Cuarta.** Lamentamos que se redacte **unha instrución contraria ao espírito e á literalidade da devandita ordenanza e da lexislación autonómica de promoción da lingua** e que, en última instancia, se transmita a mensaxe de a lingua galega ser a causante dunha suposta falta de axilidade administrativa.

**Quinta.** Consideramos positiva a rápida reacción do goberno local, que coñecemos a través dos medios de comunicación, e confiamos en que axiña se vexa materializada na correspondente rectificación oficial; tamén celebramos que se establezan canles de colaboración entre administracións. Ora ben, debemos lembrar que **a normalización dunha lingua consiste no seu uso normal en todo tipo de situacións e textos** e é por iso que vemos con preocupación que se estea a aludir constantemente a uns labores de “tradución ao galego” que non só entran en contradición con moitos dos artigos da ordenanza de normalización lingüística, senón que contribúen a perpetuar o papel secundario da lingua galega e constitúen o primeiro paso para lle apor todo tipo de prexuízos, neste caso relacionados co bo funcionamento das administracións que todas e todos desexamos.

**Sexta.** Recomendamos que en todas aquelas decisións internas que tome unha administración que teñan a ver coa xestión ou tratamento das linguas se teña en conta obviamente a lexislación e normativa vixentes, así como o criterio técnico do persoal, neste caso, do servizo de normalización lingüística, co fin de atopar a solución máis acaída e axustada a dereito para cada momento.

A xunta directiva da CTNL

Pontevedra, 19 de abril de 2024